



# 10 TIPS PARA UNHA NAVEGACIÓN SEGURA

## 01 PROTEXEREI A MIÑA PRIVACIDADE.

Sempre empregarei un alcume e nunca intercambiarei datos persoais por Internet. Debo ser consciente de que calquera contido que suba a Internet estará dispoñible para moitísimas persoas.



## 02 CONFIGURAREI O MEU PERFIL

Manterei o **perfil privado nas redes sociais** para evitar que descoñecidos accedan a miña información persoal.

## 03 FALAREI CO MEU PAI, NAI E TITORES

Comentarei co meu pai, nai ou titores calquera situación que me incomode. Os riscos en liña son semellantes aos da vida real e podo atopar a alguén que me amole virtualmente.



## 04 IGNORAREI O SPAM E OUTROS

Non farei caso do spam, é dicir, non abrirei correos electrónicos nin documentos xuntos sospeitosos.

## 05 NON MERCAREI SEN PERMISO

Non farei compras por Internet sen consultalo cos meus maiores.



# 06

## SEREI RESPECTUOSO

Gardarei **respecto** e educación nas formas e no xeito de expresarme a través de Internet. Se atopo un sitio no que está escrito "acceso prohibido a menores", respectarei esa indicación.



# 07

## USAREI CONTRASINAIS DIFÍCILES DE ADIVIÑAR


Evitarei os contrasinais fáciles de adiviñar, como nome ou data de nacemento, e usarei maiúsculas, minúsculas, números e sinais.



# 08

## NON ME FIAREI DOS PERFÍS


**Non me fiarei dos descoñecidos** cos que tome contacto a través de Internet e, por suposto, non me citarei con eles a través da Rede para quedar na vida real.



# 09

## COIDAREI O MEU DISPOSITIVO (ORDENADOR, PORTÁTIL, MÓBIL, TABLETA ....)


Empregarei sempre software **actualizado** e por medio de canles oficiais.



# 10

## RECORDAREI QUE INTERNET TEN MEMORIA

**Antes de publicar**, pensarei dúas veces se o escrito é correcto, se fará dano, se se entende como eu penso...



Información extraída do programa  
da Xunta navega con rumbo - CPEIG